



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 dos Estatutos, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia aprobado por Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan competencia da Axencia, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Don Luis Menor Pérez, Alcalde do Concello de Pereiro de Aguiar, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, e á luz do preceptuado no artigo 8 apartado 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; no artigo 198 da Lei 5/1997 e no artigo 7 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Boiro, acordan que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público do que sexa titular o devandito Concello sexa realizado a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en virtude do artigo 6 da mesma. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Seguimento prevista no presente convenio.





As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento, sen prexuízo do previsto na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

